



O pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva, reunido o 10 de xullo de 2025, resolveu, por unanimidade, en relación co Expediente nº 213-2022

### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O 5 de outubro de 2022, Don Fernando Bustabad Ferreiro, Presidente do Club Marina Ferrol, presentou con entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 6 de outubro de 2022 e núm. 339, recurso contra a resolución do Comité de Apelación da Federación Galega de Natación (en adiante, FEGAN), no recurso apelación 9/21-22, con base nas seguintes alegacións:

*PRIMEIRA: Sobre a obriga da FEGAN de aterse á normativa vixente.*

Nas súas resolucións, a FEGAN pretende menoscar a relevancia da competición en cuestión ao cualificala como "liga menor". Tales argumentacións carecen de relevancia xurídica, dado que a competición se atopa regulada por unha circular federativa específica. Isto obriga a FEGAN a cingir a súa actuación ao marco normativo establecido, en estrito cumprimento do principio de legalidade.

A pretensión do Club Marina Ferrol é, sinxelamente, que se respecte e se valide a orde de clasificación que foi publicada inicialmente de forma oficial.

*SEGUNDA.- Sobre a inexistencia dunha "clasificación provisional" e a firmeza da clasificación inicial.*

A FEGAN sostén a existencia dunha "clasificación provisional", un concepto que o Club Marina Ferrol considera inexistente na normativa aplicable. As clasificacións oficiais publícanse unha vez compilados todos os resultados pertinentes, procedemento que a propia FEGAN seguiu na súa publicación inicial. A posterior modificación unilateral constitúe unha actuación arbitraria.

En opinión do clube recorrente a modificación non se debeu a un erro material, senón a unha decisión discrecional e extemporánea. A FEGAN publicou unha primeira clasificación na que o Club Marina Ferrol figuraba en primeiro lugar e mantívoa sen alteracións durante dez días. Posteriormente, decidiu modificar dita clasificación admitindo a participación de dous clubs fóra do prazo establecido.

Unha clasificación só pode considerarse provisional durante o prazo de impugnación, que habitualmente é de 48 horas. Unha vez transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, esta adquire carácter definitivo. Non consta no expediente que a clasificación inicial, na que o Club Marina Ferrol acadou a primeira posición, fose obxecto de impugnación en tempo e forma.

En ausencia de regulación específica na circular da Liga Promesas, debe aplicarse por analogía o disposto noutras normativas competitivas da propia federación que si establecen estes prazos e consecuencias.





En virtude do exposto, solicita que se anule a segunda clasificación da liga promesas realizada pola FEGAN, outorgando plena validez a primeira que foi publicada, o Club Marina Ferrol quedou en primeira posición tal e como consta no expediente.

**II.-** O Comité Galego de Xustiza Deportiva na súa sesión de 21 de xuño de 2024 acordou admitir a trámite o recurso de acordo ao procedemento disciplinario co núm. 213-22, nomear a Domingo Bello Janeiro instrutor do mesmo e dar traslado á FEGAN, para que remitira o expediente completo e informe sobre o fondo do asunto.

**III.** O 10 de xullo de 2024 tivo entrada no CGXD o informe emitido pola FEGAN, que, defende que a súa actuación no expediente foi correcta e solicita que se desestime o recurso presentado polo Club Marina Ferrol. Os seus principais argumentos son:

- A "Liga Promesas" é unha competición informal: Sosteenen que esta liga non ten como obxectivo proclamar un "campión", senón que é un evento de carácter promocional para incentivar o deporte entre os nadadores máis novos. A súa finalidade real é establecer unha clasificación para acceder ao "Festival Galego Promesas", que si é a competición oficial.
- A clasificación web é dinámica: Argumentan que a clasificación actualízase de forma natural a medida que se van recibindo e computando os resultados das distintas xornadas e sedes. Defenden que o feito de que o Club Marina Ferrol baixase de posición foi parte deste "proceder natural, legal e ordinario" e non unha modificación irregular dunha clasificación xa definitiva.
- Actuación conforme á normativa: A FEGAN afirma que en todo momento actuou de acordo coas súas propias normas e que o club recorrente non invoca a vulneración de ningún precepto legal específico no seu escrito.

**IV.** Traslado por este Comité o expediente a ambas para a presentación, si o estimaran oportuno, de alegacións finais ao mesmo, o Club Marina Ferrol presentou escrito o día 19 de febreiro de 2025 no que reitera os argumentos esgrimidos no seu recurso.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### **PRIMEIRO.- Competencia.**

O artigo 41 do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva recolle a súa competencia para tramitar e resolver a través do procedemento disciplinario deportivo os recursos contra as resolucións que en materia de disciplina deportiva diten os órganos competentes das federacións deportivas, que esgoten a vía federativa.

En consecuencia, tratándose dunha resolución do Comité de Apelación da Federación Galega de Natación que esgota a vía federativa, a competencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva é clara.

### **SEGUNDO.- Lexitimación e prazo.**





O Club Marina Ferrol está lexitimado para interpoñer o presente recurso ao ser o directamente afectado pola resolución que se impugna. O recurso foi interposto en prazo ante este Comité.

### **TERCEIRO.- Obxecto do recurso.**

O obxecto do presente recurso consiste en determinar se a resolución do Comité de Apelación da Federación Galega de Natación de 9 de setembro de 2022, que desestima as alegacións efectuadas polo recorrente, é conforme a dereito, tendo en conta as alegacións formuladas.

### **CUARTO.- Consideracións do Comité Galego de Xustiza Deportiva**

#### **1. Sobre a distinción entre competicións oficiais e competicións non oficiais.**

Basea o recorrente a súa argumentación no feito de que a competición denominada "Xornadas locais" da nova categoría Promesas está regulada nunha circular e, por tanto, é unha competición oficial, suxeita no seu desenvolvemento o contido da circular federativa pola que se establecen as súas bases (21-09) e, no non contemplado nestas, por analogía, as demais circulares federativas que regulan as competicións das diferentes categorías.

Sen embargo, este Comité non pode compartir os argumentos do recorrente. Xa a Lei 13/2012, do Deporte de Galicia clasifica as competicións en oficiais e non oficiais<sup>1</sup>, definindo coma competicións oficiais<sup>2</sup> *«aquelas que, realizándose en Galicia, sexan incluídas polas federacións deportivas galegas no calendario oficial que aproba a asemblea xeral»*. A Circular 21-07 da FEGAN, publicada o 16 de outubro fixa o calendario oficial para a tempada 2021-22 no que non se inclúen as xornadas locais desta categoría promesas pero si o denominado "Festival Promesas". Estamos pois ante dúas competicións da mesma categoría pero con natureza distinta: por un lado, as xornadas locais son un competición non oficial organizada pola FEGAN, mentres que o "Festival Promesas" é unha competición oficial. Non se trata de que unha competición teña máis valor que a outra senón que teñen natureza distinta, aínda que a primeira sirva coma cualificación para a segunda.

Deste xeito a pretensión do recorrente de que, para o non contemplado nas bases de competición das "Xornadas locais" (competición non oficial) sexan aplicadas, por analogía, as normas de competicións doutras categorías (competicións oficiais) decae pola súa propia natureza.

#### **2. Sobre a actuación da Federación Galega de Natación.**

Analizando propiamente a actuación da Federación Galega de Natación neste asunto, debemos partir das bases de competición recollidas na Circular 21-09. Así, atopámonos coa celebración de catro "xornadas locais" fixadas, respectivamente, para os meses de novembro de 2021 (xornada 1), xaneiro de 2022 (xornada 2), febreiro de 2022 (xornada 3) e

---

<sup>1</sup> Art. 18 Lei do Deporte de Galicia

<sup>2</sup> Art. 19.3 Lei do Deporte de Galicia





abril de 2022 (xornada 4). O procedemento para o seu desenvolvemento resúmese nos seguintes pasos:

- Os clubs interesados en organizar ditas xornadas deberán poñelo en coñecemento da FEGAN.
- A FEGAN **non designará xuíces-árbitros para esas xornadas** (coma é preceptivo nas competicións oficiais), senón que serán os propios técnicos dos clubs participantes os que tomen os tempos dos deportistas.
- Os resultados deberán ser comunicados polos clubs organizadores a FEGAN **antes de finais do mes previsto para a súa celebración** (nas competicións oficiais de benxamíns<sup>3</sup>, alevíns<sup>4</sup> ou infantís<sup>5</sup> deberán ser comunicados como máximo o martes seguinte a súa celebración)

No contexto post-pandemia COVID-19 no que se producen os feitos que dan lugar a este expediente, varios Clubs organizan a 4ª xornada (prevista para o mes de abril de 2022) no mes de maio, coa autorización da FEGAN.

- Batallones (Club Marina Ferrol) celebrada o 07-05-22, e enviados os resultados o 10-05-22.
- FRIGSA (CN Portamiñá Lugo) celebrada o 06-05-22 e enviados os resultados o 11-05-22
- Riazor (CN Coruña) celebrada o 07-05-22 e enviados resultados o 09-05-22
- Lugo (Club Fluvial de Lugo) celebrada o 10-05-22 e enviados resultados o 23-05-22
- Carballo (AD Fogar) celebrada o 21-05-22 e enviados os resultados o 25-05-22
- Ferrol (CN Ferrol) celebrada o 21-05-22 e enviados os resultados o 24-05-22.

Coma se pode apreciar, **entre eses clubs atópase o recorrente, Club Marina Ferrol que organizou esta 4ª xornada o 7 de maio de 2022**, é dicir, fora do prazo sinalado na Circular de Competición. Certo é que a FEGAN publica na súa web os resultados destas "xornadas locais" o 20 de maio de 2022, pero a simple aplicación do principio de boa fe, máxime no contexto social do momento, faría supoñer que estarían pendentes de engadir os resultados das competicións das que a FEGAN non tivera comunicación, ben porque o clube organizador aínda non os enviara (lembremos que segundo a circular de competición poden facelo antes de finais do mes previsto para a súa celebración) ben porque aínda non se celebraran (as competicións organizadas polo AD Fogar e o CN Ferrol estaban previstas para o 21 de maio).

<sup>3</sup> Circular 21-10, modificada o 2 de febreiro de 2022

<sup>4</sup> Circular 21-11, de 16 de outubro de 2021

<sup>5</sup> Circular 21-12, de 16 de outubro de 2021





É intranscendente o feito de considerar esa clasificación publicada o día 20 coma provisoria a espera de engadir os resultados das "tomas de tempos" restantes, ou coma definitiva e posteriormente corrixida de oficio engadindo eses tempos. En calquera dos dous casos, a actuación da FEGAN sería plenamente axustada a dereito.

Tamén é intranscendente o feito de que non se presentaran reclamacións contra esa clasificación publicada o día 20 no prazo de 48 horas que indica o recorrente, xa que, coma xa se expuxo, en ningún caso son de aplicación as normas contidas en outras circulares referentes a competicións de diferente natureza.

Sinala o recorrente que a FEGAN decidiu modificar esa clasificación publicada o día 20 admitindo a participación de dous clubs "fora de prazo", mais non xustifica esa afirmación xa que tan fora de prazo están as xornadas disputadas o 21 de maio coma as que tiveron lugar o 6 ou o 7 de maio (a circular indicaba que a 4ª xornada debería disputarse en abril). Cuestión distinta sería que o recorrente ou calquera outro clube impugnase a autorización para a celebración das xornadas cuxos resultados non se incluíran nesa clasificación publicada o día 20, cuestión que non consta a este Comité que tivera lugar.

Por todos estes motivos, **compre desestimar a pretensión do recorrente**, xa que ao entender deste Comité a actuación da FEGAN foi acorde coa circular que regula a competición, non sendo de aplicación subsidiaria outras circulares que regulan competicións semellantes pero de distinta natureza.

Pois ben, a

En virtude de todo o exposto,

**O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva** resolve declarar a **desestimar o recurso** presentado por D. Fernando Bustabad Ferreiro, en representación do Club Marina Ferrol contra a Resolución do Comité de Apelación da Federación Galega de Natación do de 9 de Setembro de 2022 no Expediente Extraordinario 1/21-22.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas, facéndolles saber a todos eles que poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa..

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2025.

O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva

P.O. A secretaria

